

INSTRUCCIÓNS PARA O PRÉSTAMO DE OBRAS DA BIBLIOTECA

Versión 0 (07.09.2020)

1. O préstamo de libros e outros documentos das coleccións da Biblioteca Universitaria volve a situación previa ao confinamento causado pola COVID-19, agás a necesidade de deixar os libros devoltos en corentena durante 3 días.
2. Ao entrar na biblioteca para solicitar ou devolver un préstamo, a persoa usuaria deberá respectar as normas de distanciamento social: distancia de seguridade non inferior a 1,5 m. con outras persoas e atención no mostrador de préstamo dunha soa persoa cada vez. Non están permitidas as aglomeracións no mostrador de préstamo, nin nas colas de espera.
3. Poderán utilizar o servizo de préstamo tanto os membros da comunidade universitaria (PDI, PAS e estudantado da Universidade de Vigo), como os usuarios/as externos/as que dispoñan do carné da Biblioteca da Universidade de Vigo.
4. As obras serán solicitadas polas persoas usuarias e proporcionadas polo persoal da biblioteca. O acceso ás obras situadas nos andeis de libre acceso está habilitado unicamente para o persoal.
5. A persoa usuaria solicitante do préstamo proporcionará ao persoal que a atende os datos que precise para localizar a obra no catálogo.
6. Unha vez localizada a obra, o persoal da biblioteca desprazarase ao lugar onde se atope para recollela e poñela ao dispor da persoa que a solicitou.
7. Na devolución das obras en préstamo, a persoa usuaria depositará o exemplar que desexa devolver nunha bandexa ou caixa colocada para ese efecto no mostrador de préstamo. Non llo debe entregar directamente en man ao persoal que a atende.
8. O persoal do mostrador procederá a tramitar a devolución da obra e, a continuación, a poñela en situación de corentena, na que quedará durante 3 días.
9. Os libros en corentena poden ser obxecto de reserva para que, unha vez finalizada aquela, poidan ser prestados. No caso de que existan varias reservas, deberá aplicarse sempre un novo período de corentena entre os préstamos sucesivos aos que vaian dando lugar ditas reservas. No aviso de recollida da reserva, a Biblioteca informará á persoa usuaria da nova corentena.